

RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA POLA QUE SE AUTORIZA O INCREMENTO TEMPORAL DO NÚMERO DE CORDAS DE ENGORDE EN VIVEIROS DE MEXILLÓN

ANTECEDENTES

1. O día 06.07.2026 a Organización de Productores de Mejillón de Galicia (OPMEGA) (Rexistro de entrada núm. 2026/2029117) presenta unha solicitude, motivada polos peches de biotoxinas que imposibilitan a comercialización do mexillón e provoca a acumulación nas bateas, para que se autorice nos polígonos MUROS A, MUROS B, MUROS C e NOIA A o *"aumento de 100 cordas de engorde para a batea, para realizar labores de cultivo, desdobre, cría, colectores ou estocado de sacos"*.
2. O día 07.07.2026 o xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura emite informe no que se recolle que non se observa ningún inconveniente en que se conceda, con carácter excepcional, a colocación de 100 cordas a maiores das 500 autorizadas ata un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas, baixo unha serie de condicións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira. O artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños de Galicia, dispón: *"Establécese unha lonxitude máxima do total de corda de engorde para mexillón en batea de 6.000 metros. O número máximo de cordas de engorde será de 500 e a súa lonxitude máxima de 12 metros. (...)*

Cando nun período determinado se presenten de modo persistente e continuado fenómenos medioambientais excepcionais, tales como fortes temporais ou episodios de fitoplancto tóxico, que impidan levar a cabo o ciclo normal de produción ou repercutan gravemente no de comercialización, a delegación territorial dentro do ámbito da súa competencia, poderá autorizar por resolución motivada o incremento do número de cordas de engorde en determinados polígonos con carácter temporal, previa petición da maioría de entidades representativas do sector e informe da correspondente unidade técnica administrativa. A autorización cesará nos seus efectos cando fundadamente se estime que desapareceron as especiais condicións determinantes da medida."

Segunda. O día 07.07.2026 o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) publica informe relativo ao estado de situación





(https://www.intecmar.gal/PDFs/Zonas_1401.pdf), para cada unha das toxicidades lexisladas, das zonas de produción de moluscos bivalvos no tocante a viveiros flotantes (Informe núm. SZ000233/26), no que indica que os polígonos solicitados atópanse pechados por biotoxinas:

**SITUACION DAS ZONAS
(Viveiros Flotantes)**

DATA: 07/07/2026 HORA: 09:05
INFORME Nº: SZ000233/26

Folla 2 de 2

Orde do 14 de novembro de 1995 (DOG Nº 221 do 17/11/1995)
Orde do 31 de outubro de 1989 (DOG Nº 235 do 11/12/1989)
Orde do 28 de outubro de 1996 (DOG Nº 226 do 19/11/1996)
Orde do 14 de marzo de 1997 (DOG Nº 64 do 04/04/1997)

RIA	ZONA	SUB-ZONA	POLIGONO	Plan de Actuación			Situación Administrativa
				PSP	Lipofilicas	ASP	
Muros-Noia	I	I	Muros B	A	C1	B1	Pechada (14/04/2026)
Muros-Noia	II	II	Muros A	A	C1	B1	Pechada (14/04/2026)
Muros-Noia	III	III	Noia A	A	C3	B1	Pechada (16/04/2026)
Muros-Noia	IV	IV	Muros C	A	CC	B1	Pechada (10/03/2026)

Terceira. A Organización de Productores de Mejillón de Galicia (OPMEGA) solicita o incremento do número de cordas de engorde para catro polígonos completos de bateas de mexillón (polígonos MUROS A, MUROS B, MUROS C e NOIA A); esta organización é unha das entidades máis representativas do sector mexilloeiro galego polo número de bateas e de persoas asociadas que a integran, tendo como obxecto *"o exercicio da actividade encamiñada á cría, extracción, almacenamento, explotación e comercialización do mexillón"*.

Cuarta. Tendo en conta que os ditos polígonos encóntranse pechados de forma prolongada no tempo debido a episodios persistentes de fitoplancto tóxico, o que está repercutindo gravemente na comercialización do mexillón, e atendendo ao informe do 07.07.2026 do xefe do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura, procede autorizar con carácter temporal o incremento do número de cordas de engorde por viveiro flotante.

Quinta. De acordo co artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro, a competencia para ditar a presente resolución correspóndelle á directora territorial da Consellería do Mar na Coruña.

En base ao exposto,

RESOLVO

1. Autorizar, con carácter extraordinario e temporal, o incremento de 100 cordas para realizar labores de preengorde, engorde ou para a colocación do mexillón estocado en sacos, respecto ao máximo establecido no artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 008
spait.mar.coruna@xunta.gal





novembro, nos viveiros flotantes de mexillón situados nos polígonos A, B e C do Distrito de Muros e no polígono A do Distrito de Noia baixo as seguintes condicións:

Primeira. As cordas que se autoricen teñen como finalidade regular o ciclo de produción na batea, polo que nelas só se pode encordar ou estocar en sacos mexillón procedente da propia batea.

Segunda. O incremento do número de cordas de engorde ou con sacos por batea non pode exceder de 100. As cordas terán unha lonxitude máxima de 12 m.

Terceira. As cordas deberán estar claramente identificadas mediante unha marca de cor verde de, como mínimo, 30 cm de lonxitude na súa parte superior.

Cuarta. No caso de pendurar sacos nas cordas, o número de sacos por corda non excederá os 25. Cada saco conterá un máximo de 10 kg de mexillón.

Quinta. A vixencia da autorización rematará, como máximo, un mes despois do levantamento do peche por biotoxinas no polígono no que se atope a batea, debendo as persoas concesionarias axustar o número de cordas de engorde ao número máximo de 500 establecido no artigo 35 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro.

As persoas concesionarias deberán comunicar á Subdirección Xeral de Acuicultura, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, da Consellería do Mar, con antelación suficiente, a colocación das cordas a medida que se vaian pendurando, identificando o nome do viveiro e a súa localización (polígono e cuadrícula), a data de colocación, o número de cordas, a súa lonxitude e o destino das cordas (engorde ou sacos), así como o número de sacos por corda que se van dispoñer. A comunicación realizarase a través do correo electrónico servizo.innovacion.acuicultura.cmr@xunta.gal.

2. Notificar esta resolución ás persoas interesadas coa indicación de que contra a mesma, que non pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

A directora territorial

Documento asinado electronicamente á marxe

